



UNIDADE 10

Todos somos poetas

Pídalles aos seus alumnos que abran o libro na páxina 81 e pregúntelles onde cren que están estas persoas e que cren que están facendo. É probable que, relacionándoo co título da unidade, non teñan dificultades en contestar que a rapaza está lendo unha poesía, mentres que o home que está máis ao fondo a escoita. En canto ao lugar no que se atopan, pode ser unha sala ou calquera espazo no que se reúnen persoas afeccionadas á poesía para intercambiaren e declamaren os poemas que lles gustan ou que eles mesmos escriben. Se non chegan a estas conclusións, coméntellelas vostede.

A continuación, pregúntelles se lles gusta a poesía, se algunha vez participaron en algún encontro similar ou se coñecen alguén que o fixo. Anímeos a que participen da conversa e interésese pola información que queiran compartir.

Por último, coméntelles o contido da unidade e anúncielles cal vai ser a súa tarefa final: escribir unha poesía entre todos.



1. XÉNEROS LITERARIOS

Relacionar catro textos literarios co xénero ao que pertencen e responder un test sobre gustos e hábitos literarios.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

O xénero literario é un sistema que permite a clasificación das obras literarias de acordo con criterios formais, socioculturais e incluso comerciais. A literatura véñse dividindo en xéneros dende a fin da Idade Media, pero foi a comezos do século XIX cando comezaron a xurdir os conceptos dos xéneros literarios tal e como os coñecemos na actualidade. Os principais macroxéneros son os seguintes:

Xénero poético: *poema (oda, soneto, canción...)*

Xénero narrativo: *novela, conto, relato...*

Xénero dramático: *peza de teatro (comedia, traxedia, farsa, drama...)*

ANTES DE COMEZAR

Escriba **xéneros literarios** no encerado e pregúntelles aos estudantes do que se trata. É probable que poidan contestar sen moitas dificultades, pero, de non ser así, axúdeos a que cheguen a unha definición axeitada e que a entendan. Se o considera necesario, comparta con eles algúns datos da información que se ofrece en “Observacións previas”.

A continuación, pregúntelles se lles gusta a literatura e que xéneros literarios prefiren. Interésese por saber as distintas respostas e anote no encerado os xéneros que mencionen. Se non fan referencia a algún dos catro que figuran na actividade (poema, conto, obra de teatro, novela), fágao vostede. A seguir, propóñalles unha posta en común sobre os textos e escritores que coñecen en lingua galega, aproveitando así para que repasen o que viron ata o momento.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles que lean os catro fragmentos de textos e que decidan a que xénero literario pertence cada un.

Os fragmentos que poden presentar máis dificultade á hora de asignarlles un xénero son o do conto e o da novela. Recórdelles aos seus alumnos que o conto é máis breve, o que tamén o fai máis conciso e máis concentrado. De todos os xeitos, permítalles que comenten as súas hipóteses cun compañeiro antes de darlles as respostas.

Solución

O lordanas: *conto*.

Unha primavera para Aldara: *obra de teatro*.

Resistencia: *novela*.

As praias: *poema*.

B. Propóñalles aos estudantes unha ampliación da lectura do fragmento que máis lles gustou. Para iso, facilítelles unha fotocopia da ficha 32, onde atoparán unha breve biografía dos autores e, nalgún caso, unha ligazón na que poderán ver a recensión sobre a obra.

A partir de aí, poderán buscar o libro en cuestión e facer a lectura da obra que máis lles interese na súa totalidade.

C. Preséntelles agora o test sobre gustos e hábitos de lectura e pídalles que o respondan individualmente. Despois, pídalles que se xunten en parellas e que comparen as súas respostas coas do compañeiro, para descubrir cal dos dous é máis afeccionado á lectura.

Dígalles que se poden orientar pola mostra de lingua e, para rematar, propóñalles unha posta en común para que coñezan os comportamentos de todos os compañeiros respecto da lectura.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 125, exercicios 2 e 5.

2. SELECCIÓN DE POEMAS

Inventar un título para catro poemas, relacionalos cunha serie de sentimentos e escoller o que máis lles guste.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

A poesía é unha das máis antigas manifestacións artísticas. A diferenza dos demais xéneros, caracterízase por presentar unha estrutura formal e fónica máis ríxida, e adoita empregar recursos como o encabalgamento das palabras, a rima ou a identidade fónica entre os vocábulos que a integran.

ANTES DE COMEZAR

Escriba no encerado a palabra **POESÍA** e pregúntelles aos seus alumnos como a definen; é dicir, que é ou que significa para cada un deles. Escolte as súas respostas e, se considera conveniente amplialas con parte da información da epígrafe “Observacións previas”, fágao.

Aproveite este momento para saber se aos estudantes lles gusta a poesía e que tipo lles gusta máis.

PROCEDEMENTOS

A. Convídeos a que lean os catro poemas e pídalles que lle poñan un título a cada un. Indíquelles que o fagan individualmente e responda as posibles cuestións que lle poderán facer sobre as variantes ortográficas que se atopan nalgún dos textos.

B. A continuación, móstrelles os títulos reais dos poemas (*Ave inqueda: 4; Illas Cíes: 2; Longa noite de pedra: 3; Setembro: 1*). Logo, nunha breve posta en común, pregúntelles se se parecen aos que eles escolleron. Asegúrese de que comprenderon o léxico fundamental dos textos, así como os referentes culturais mencionados.

Por exemplo, que sexan capaces de entender que as festas e a figura do fogueteiro (no poema “Setembro”) representan elementos característicos do verán.

C. Dígalles que agora van escoitar os poemas recitados e indíquelles que, mentres o fagan, deberán relacionar cada un deles cun dos sentimentos propostos no cadro. Deixe que o fagan individualmente e, ao remataren, permítalles que comparen as súas respostas coas dun compañeiro.

A seguir, promova unha posta en común para que se coñezan todas as opinións. Teña en conta que non hai unha resposta única, polo que poderá haber discrepancias nalgúns casos, xa que vai depender das sensacións que experimenta cada estudante ao escoitar os diferentes poemas.

D. Finalmente, pídalles que escollan o poema que máis lles gustou e anídeos a que comenten na clase non só as súas eleccións, senón tamén o que os levou a facelas.

E DESPOIS

Se desexa facilitarlles máis mostras da poesía en lingua galega aos seus alumnos, convídeos a visitaren a seguinte páxina de Internet, na que poderán atopar varios exemplares.

http://www.poesiagalega.com/index.php?option=com_content&task=category§ionid=5&id=16&Itemid=41



3. ESCRIBO PARA...

Falar do que lle suxire un poema de Baldo Ramos. Reflexionar sobre o emprego e a función das oracións finais.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos estudantes que actividades cren que se poden facer como afección. Se non o entenden claramente, déalles un exemplo, real ou ficticio, dalgunha que faga vostede (coleccionar algo, cocinar...). Anídeos a que continúen e vaia escribindo no encerado as actividades que propoñan, sen borrarlas logo, xa que lles poderán ser útiles para o desenvolvemento da actividade proposta en C.

PROCEDEMENTOS

A. Coméntelles agora que van ler, individualmente, un poema do poeta ourensán Baldo Ramos. Recomendámoslle que consulte os datos biográficos da **ficha 33**, para facerlles aos estudantes unha presentación máis completa deste artista galego. Logo, concédalles o tempo necesario para que fagan a lectura e, cando

rematen, pídalles que se fixen na mostra de lingua da parte inferior e que comenten cun compañeiro as sensacións que o poema lles suxire.

B. Indíquelles agora aos seus alumnos que todas as frases que figuran no texto en cursiva expresan finalidade. Pídalles que se fixen ben nelas e que, cun compañeiro, comenten o que teñen en común todas as oracións. Deixe que o discutan e logo aclare as súas ideas nunha posta en común, na que lles explique que **para** é o conector máis empregado para introducir as oracións finais.

Solución

*Todas comezan con **para** e expresan a finalidade da acción mencionada na oración principal.*

De todos os xeitos, coméntelles que **para** non é o único nexo que introduce as oracións finais. Aproveite este momento para remitilos á epígrafe “Expresar finalidade” da sección de gramática, na páxina 85, e aclarar as dúbidas que teñan.

Despois de realizaren a discusión, se lle parece conveniente, pode propoñerlles que substitúan as oracións introducidas por **para** por outras semellantes, que respecten o sentido do poema.

C. Centre a atención dos estudantes nas actividades que figuran en distintas cores no recadro azul e pregúntelles se fan algunha. Deseguida, ensínelles a mostra de lingua e anídeos a faceren o mesmo tipo de comentario cun compañeiro. Recórdelles ademais que poderán empregar **para** ou calquera dos nexos que acaban de ver para expresar a finalidade.

Se observa que os temas propostos no recadro non teñen moito éxito entre os estudantes, pídalles que falen da finalidade doutras actividades que fan e anídeos a usaren o vocabulario do encerado. Déalles uns minutos e logo propoñalles que o comenten entre todos en clase aberta.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 112, exercicio 4.

4. CELSO EMILIO FERREIRO

Ler e comentar a biografía de Celso Emilio Ferreiro. Reflexionar sobre a función dalgúns adverbios e clasificalos.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Todos os libros que figuran na biografía de Celso Emilio Ferreiro que se ofrece na actividade son de poesía. Non obstante, este escritor tamén deixou as súas pegadas na narrativa, coas obras *A fronteira infinita* (1972) e *A taberna do galo* (1978). Así mesmo, foi autor de crónicas e artigos de prensa, froitos da súa colaboración con diversos xornais e revistas.

Todos somos poetas

ANTES DE COMEZAR

Volva preguntarles aos seus alumnos os nomes dos escritores galegos que xa coñecen, incluíndo os que viron ao longo desta unidade. A medida que llos digan, apúnteos no encerado e asegúrese de que inclúen a Celso Emilio Ferreiro. Deseguida, coméntelles que van ler a biografía deste escritor e pregúntelles: **Que outros xéneros literarios credes que escribiu o autor?** escoite as súas suxestións e convídeos a leren a biografía para comprobalo.

Así mesmo, aproveite para lembrar a importancia deste autor na poesía social e as súa relación coa canción protesta tratada na unidade 8.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos seus alumnos que lean individualmente a biografía de Celso Emilio Ferreiro e que, logo, comenten cun compañeiro se o escritor tivo unha vida interesante e que lugares consideran máis importantes na súa traxectoria. Déixelles uns minutos para discutilo e, ao final, propóñalles que compartan as súas opinións nunha posta en común.

Daquela, aproveite para comprobar se as súas hipóteses sobre os xéneros literarios que cultivou o devandito poeta eran acertadas. Para iso, teña en conta a información que se ofrece en “Observacións previas”.

B. Coméntelles agora que no texto aparecen varios adverbios e expresións adverbiais destacados en grosa. Pídalles que se fixen neles e que os relacionen cun dos tipos de información que se mencionan máis abaixo (**modo, tempo, lugar, dúbida, negación e afirmación**). Poden facelo individualmente e logo comparar as súas respostas coas dun compañeiro antes da posta en común.

Mentres desenvolvan a actividade, aproxímese para axudar os seus alumnos no caso de o precisaren. Asemade, se o considera oportuno, remítaos á epígrafe “Adverbios e locucións adverbiais”, da sección de gramática, na páxina 85, para que poidan ampliar a información sobre o tema e esclarecer eles mesmos algunhas das súas dúbidas.

Solución

Modo: *así, exclusivamente.*

Tempo: *pronto, despois de, asemade.*

Lugar: *alí.*

Dúbida: *talvez.*

Negación: *non.*

Afirmación: *tamén.*

Intensidade: *(Unha errata motivou que se eliminase do texto o adverbio de intensidade **moi**. Suxerímoslle que aproveite para engadilo na última liña do primeiro parágrafo “**moi** boa formación cultural”).*

E DESPOIS

Se os seus alumnos mostraron interese pola vida e pola obra de Celso Emilio Ferreiro, principalmente

pola carácter social da súa poesía, anímeos a que releen o poema “Longa noite de pedra”, na páxina 83. Coméntelles ademais que neste poema, publicado no libro homónimo que se menciona na biografía, o poeta se refire a unha noite que pasou recluso no mosteiro de San Salvador de Celanova, durante a represión franquista en Ourense (1936-1939). Anímeos a que, en parellas, procuren no poema os elementos que se relacionan coa súa condición de encarcerado. Pódeno facer en parellas e logo contrastar as súas respostas nunha posta en común.

Solución (suxestión)

Pedra, muros, tebras, reixas, portas, candeas, fiestras.

Para rematar, convídeos a escoitaren a versión gravada de “Longa noite de pedra”, por Xavier González del Valle, no enderezo <http://www.goear.com/listen.php?v=7e1b17c>.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 111, exercicio 1.

Páxina 112, exercicio 3.

5. AS NOVELAS QUE PUBLICA ESTA EDITORIAL...

Observar o funcionamento das oracións adxectivas ou de relativo e reflexionar sobre o seu emprego.

PROCEDEMENTOS

A. Indíquelles aos seus alumnos que lean individualmente as cinco frases. Cando rematen, xúnteos en parellas ou en grupos de tres e pídalles que se fixen especialmente nas partes destacadas en grosa e que decidan o que teñen en común. Déjalles uns minutos e propóñalles unha corrección entre todos, na que se aclaren os resultados.

Solución

Todas as oracións en grosa modifican dalgún xeito (restrinxindo ou explicando) o substantivo ao que se refiren, que é o suxeito da oración principal.

Volva centrar a atención dos estudantes nas oracións en grosa e fágalles ver que algunhas delas aparecen entre comas e que outras non. Pídalles que as observen outra vez e que tenten detectar a diferenza que hai entre elas.

Déixelles un momento para que o pensen e, a continuación, convídeos a que expoñan as súas ideas nunha posta en común, tendo en conta que deberán chegar á conclusión de que **as oracións que aparecen sen comas distinguen ou restrinxen o seu antecedente dalgún xeito e achegan unha información imprescindible á totalidade da información. Por outra banda, as oracións que figuran entre comas explican ou engaden algunha**

información sobre o antecedente, pero non o restrinxen nin o identifican especialmente.

Outra forma de completar a explicación é dicirlles que as oracións especificativas (sen comas) non se poden eliminar sen que se altere o sentido da oración principal, mentres que as oracións explicativas (que van entre comas) poden eliminarse sen modificar o seu significado. Deseguida, escriba no encerado as seguintes frases, subliñando as oracións de relativo en grosa:

Os libros **que están na mesa** son da mesma editorial.
Os libros, **que son unha fonte de sabenza**, amplían o noso coñecemento.

A continuación, risque as oracións de relativo e reconstrúa as frases coa axuda dos estudantes. Fágalles ver que a primeira perde o sentido que tiña inicialmente, producindo un enunciado vago ou incompleto, mentres que a segunda segue tendo unha significación lóxica:

Os libros son da mesma editorial.
Os libros amplían o noso coñecemento

Se lle parece conveniente, antes de pasar ao ítem B, remita os seus alumnos á epígrafe “Oracións adxectivas ou de relativo” da sección de gramática, na páxina 85, e repase con eles o seu contido.

B. Pídalles agora que, individualmente, observen os pares de frases en **1** e en **2** e que as convertan nun único enunciado, para o que han de empregar a partícula relativa das parénteses en cada caso. Antes de que comecen, pídalles que copien do encerado un terceiro par de frases, co que deberán facer o mesmo exercicio:

3. Os empregados traballan duro. Os empregados serán recompensados. (que)

A continuación, chame a atención dos estudantes sobre o exemplo proporcionado e recórdelles que deben decidir se cada unha das oracións adxectivas que elaboren deberá ir con ou sen comas.

Solución

1. *Esta señora, **a cal vin onte no café**, non me cae nada ben.*
2. *Os microautos, **cuxa venda se incrementou**, son cómodos de conducir.*
3. *Os empregados **que traballan duro** serán recompensados.*

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 112, exercicio 5.



6. PALABRAS

Procurar palabras cunhas connotacións subxectivas determinadas.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta actividade, os estudantes traballarán a relación emotiva que temos coas palabras, como un primeiro paso para a preparación da actividade final, na que “se converterán” en poetas. Estimule o desenvolvemento lúdico e aberto da tarefa, de xeito que se respecten todas as eleccións subxectivas.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos: **Parécenvos iguais todas as palabras? Gústanvos unhas máis ca outras? De que depende que vos guste unha palabra: do seu significado, da súa fonética, do que vos recorda...?** Interésese polas respostas que xurdan e, logo, pídalles exemplos de palabras que lles gusten. Se non son galegos, pregúntelles polas palabras que lles agraden nos seus respectivos idiomas, aínda que ao final tamén deberán mencionar algúns vocábulos galegos.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos estudantes que lean a lista de adxectivos que se ofrece e que escriban unha palabra en galego que lles suxira o significado de cada adxectivo.

B. Agrúpeos agora en parellas e indíquelles que deben comparar as súas listas e logo comentar se están ou non de acordo.

E DESPOIS

Se lle parece oportuno, pode completar a actividade co seguinte xogo. Distribúa os seus alumnos en grupos de tres e déalle a cada grupo unha copia das tarxetas que aparecen na **ficha 34**. Van poñelas cara a abaixo e, por quendas, levantalas unha por unha. Cando ergan a tarxeta, terán que lerlles unha palabra aos seus compañeiros. Estes deberán escribir nun papel un momento no tempo, un lugar e unha acción, segundo o que a palabra lle evoque a cada un. Despois, vano ler en voz alta (por exemplo: **pan = mañá, fogar, almorzar**). O obxectivo do xogo é que verifiquen se hai ou non moitas coincidencias entre as súas suxestións.

7. RIMA

Observar o esquema da rima nun poema e completalo cun par de estrofas.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Con esta actividade, os seus alumnos fixaranse noutro aspecto da creación poética: **a rima**.

Todos somos poetas

No ítem B, terán que inventar unha serie de versos para completar o poema de Modesto Fraga. Anímeos a que o fagan mantendo a rima das estrofas reais que figuran no ítem C (ABC ACA).

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos estudantes: **Que palabras riman con tormento?** Escoite as súas hipóteses (**convento, rebento, fomento, contento...**) e asegúrese de que todos teñan claro o significado de **rimar**.

PROCEDEMENTOS

A. Lea en voz alta o primeiro fragmento do poema e pídalles que se fixen na rima que se presenta ao longo dos versos. A seguir, coméntelles que deberán ler a segunda estrofa e escribir o esquema da rima, como se fixo na primeira. Pode escoller un voluntario e pedirlle que faga a lectura en voz alta.

Solución

ABBA

B. Indíquelles que formen parellas e explíquelles que van crear dúas estrofas máis para completar o poema. Xa teñen feita unha parte do primeiro verso de cada estrofa e deberán completalos e facer os demais. Se lle parece oportuno, dígalles que o esquema é ABC ACA, pero se prefire que non se limiten a un esquema establecido, deixe que cada parella invente libremente a combinación rimática das súas estrofas.

Déixelles tempo abondo para que o fagan e, a continuación, pídalles que lles lean as súas estrofas aos demais compañeiros. Poderán, logo, comentar os esquemas rimáticos que lles gustaron máis ou que foron máis frecuentes.

C. Agora convídeos a leren a versión do poeta e a comparala coas que fixeron. Se non lles deu previamente o esquema rimático, pregúntelles se houbo coincidencias coa rima e que versións se aproximaron máis á do autor. De novo, poderán elixir a versión que máis lles gustou, entre as que produciron e a do poeta.

8. LECTURA DE POEMAS

Recitar un poema cunha entoación acorde coa emoción que se quere transmitir.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Unha vez que xa viron o traballo co léxico e coa rima, nesta ocasión a atención vaise centrar noutro aspecto relevante da poesía: **a entoación**.

Os estudantes deberán escoller un poema e asocialo ao sentimento ou á emoción que desexen transmitir para, deste xeito, lelo cunha entoación o máis adecuada posible.

ANTES DE COMEZAR

Recórdelles aos seus alumnos o que fixeron na actividade 2: escoitaron uns poemas recitados e relacionáronos cun determinado sentimento, segundo o significado ou a entoación do poema.

PROCEDEMENTOS

Coméntelles que desta vez serán eles os que deberán ler un poema cunha entoación determinada. Móstrelles os tres poemas e pídalles que, individualmente, escollan un e o lean silenciosamente. Non obstante, se observa que todos escollen o mesmo, tente negociar con eles unha distribución proporcional, para que haxa máis diversidade e se empreguen todos os poemas.

Cando rematen a lectura, terán que asociar o poema ao sentimento que eles decidiren (enfado, tristeza, paixón, alegría, rabia...) e lelo ante a clase dándolle a entoación correspondente a ese sentimento. O resto dos compañeiros tratará de descubrir que emoción hai detrás de cada lectura...

E DESPOIS

Se os seus alumnos mostran interese polo tema, propoñémoslle que o amplíen, presentándolles tres poetisas en lingua galega. Divida a clase en tres grupos, de tal maneira que cada un teña que procurar e achegar máis datos sobre cada unha delas. Fotocopie os cadros da **ficha 35** para ofrecerlles aos estudantes unha mostra da obra poética de cada autora. Con todo, anímeos a buscaren na rede máis información para presentarlha logo ao resto da clase.

Se dispón de conexión a Internet no centro onde imparte as clases, poderán realizar as consultas e preparar a presentación na clase. De non ser así, pídalles que repartan o traballo e que o fagan como tarefa para a casa. Na seguinte clase, déalles uns minutos para que se organicen antes da presentación.

Para rematar, se non o fíxese o grupo encargado de falar da poetisa Rosalía de Castro, convide os seus alumnos a veren unha gravación de "Adiós, ríos; adiós, fontes", polo seu carácter emblemático, co cantante Amancio Prada, na seguinte ligazón ou noutra que prefira:

http://www.youtube.com/watch?v=K_ZGqkFSc2Q

9. CADÁVER EXQUISITO

Escribir un poema entre todos.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta actividade os estudantes porán en práctica todo o que aprenderon ao longo da unidade: agora eles serán os poetas.

Por 'cadáver exquisito' enténdese o xogo ou proxecto colaborativo entre dous ou máis participantes e que

consiste en lle ir dando corpo a un material común, gráfico ou literario, de forma lineal e sucesiva, partindo dunha palabra, frase, parágrafo ou texto aleatorio.

O xogo creouse en Francia, a partir dun entretemento de salón, pero foi popularizado como técnica artística polos membros da corrente surrealista de principios do século XX. Recibe este nome porque a primeira frase do xogo piloto foi: *Le cadavre exquis boira le vin nouveau* ('o cadáver exquisito beberá o viño novo').

A proposta de actividade do libro do alumno é de que se faga un poema cun só verso. Se lle parece conveniente, anime os estudantes a repetiren a operación algunhas veces para facelo un pouco máis longo. Outra posibilidade é que ao final se xunten os versos de todos os grupos, formando unha estrofa e así un único poema entre todo o grupo.

ANTES DE COMEZAR

Escrebe no encerado o título da actividade (**Cadáver exquisito**) e pregúntelles aos seus alumnos que cren que significa. Anímeos coa pregunta: **Que credes que pode ser un cadáver exquisito?** Se non son quen de dar coa resposta, explíquelles brevemente en que consiste o termo neste contexto e como se orixinou, partindo da información que se ofrece en "Observacións previas".

PROCEDEMENTOS

A. Coméntelles aos seus alumnos que agora, empregando a técnica mencionada, van elaborar un poema. Indíquelles que formen grupos de 5 (ou de 4, se conta cun número baixo de asistentes) e asígnelle a cada membro unha letra (do A ao E). A continuación, explíquelles que cada un deberá escribir unha palabra sen permitir que os demais compañeiros a vexan e distribúalles as clases de palabras: A, un nome; B, un adxectivo; C, un verbo; D, un adverbio. Logo, explíquelles a E que o seu traballo consistirá en xuntar as palabras dos demais compañeiros e formar un verso, facendo as modificacións e as concordancias necesarias. No caso de que os grupos sexan de 4 alumnos, a elaboración do verso poderase facer entre todos.

B. Cando remataren, se decide que amplíen o poema con máis versos, indíquelles que repitan a operación o número de veces necesarias (pode establecer vostede previamente se o poema terá 3 ou 4 versos, por exemplo). Se, por outra banda, opta pola alternativa de que o formen entre os varios grupos, indíquelles que se xunten e que decidan en que orde deberá aparecer cada un dos versos.

C. Agora, indíquelles que deben escoller un representante do grupo ou da clase para que lea o poema completo en voz alta. Se hai máis dun poema, poderán escoller o que máis lles gusta.



10. CANCIÓN DE AMIGO

Ler e interpretar un poema de Álvaro Cunqueiro.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

A **cantiga de amigo** é un tipo de composición lírica que, aínda que estea escrita por autores contemporáneos, como Cunqueiro, ten a súa orixe na poesía tradicional. Ten no amor o seu tema principal, presenta unha linguaxe moi sinxela e adoita poñerse na boca dunha namorada que espera o seu amado nunha ermida ou á beira do mar. Este estilo literario forma parte da tradición poética galego-portuguesa medieval e o seu trazo máis característico é o mecanismo estilístico do paralelismo e do leixaprén: as estrofas enlázanse de dúas en dúas, facendo que os versos da segunda estrofa sexan unha pequena variante dos versos da primeira.

Entre as acepcións da palabra **amigo** que recollen os dicionarios, atópase *termo que se adoitaba empregar na lírica galego-portuguesa medieval para designar o 'amado' ou 'namorado' nas cantigas de amigo*. De todos os xeitos, é importante considerar os demais significados que aparecen no dicionario, para unha realización adecuada do ítem B. Teña en conta tamén que unha das tradicións vangardistas galegas do século XX caracterizouse por recuperar a poesía neotrobadoresca.

Se dispón dun exemplar do libro *Cantiga nova que se chama Riveira*, de Álvaro Cunqueiro, léveo á clase para mostrarllelo aos seus alumnos.

ANTES DE COMEZAR

Escreba no encerado a palabra **AMIGO**, pídalles aos estudantes que a definan e anote no encerado as súas respostas. Se non fan alusión ao significado que figura en "Observacións previas", fágao vostede ou, se o prefire, espere ata o ítem B para facelo.

PROCEDEMENTOS

A. Preséntelles brevemente a Álvaro Cunqueiro aos seus alumnos, para o que lle poderá servir o resumo biográfico que lle facilitamos na **ficha 36**. Deseguida, lea en voz alta o título da actividade "**Canción de amigo**" e pregúntelles a que cren que se refire. escoite as súas respostas e, acertadas ou non, invíteos a leren o poema de Álvaro Cunqueiro. Centre a súa atención nas preguntas que figuran na actividade e indíquelles que, ao remataren a lectura, deberán comentalas cun compañeiro.

Déalles uns minutos e, logo, permítalles a todos compartiren a súa opinión nunha posta en común.

Todos somos poetas

B. A continuación, pregúntelles que significados cren que ten a palabra **amigo** no texto. Fágao lembrar os que mencionaron en “Antes de comezar” e pregúntelles se algún deles se podería aplicar ao emprego da palabra no poema que acaban de ler. Escoite as súas respostas e, a seguir, pídalles que lean o texto da dereita.

Rematada a lectura, axude os estudantes a que sistematicen os varios significados da palabra amigo e a que aclaren o que se atopa no poema de Álvaro Cunqueiro. Asemade, se o considera necesario, amplíe a información sobre as cantigas de amigo, para o cal tamén poderá utilizar a información que lle facilitamos en “Observacións previas”.

Se ten o libro de Álvaro Cunqueiro, aproveite este momento para mostrarlle aos seus alumnos, así como para remitilos á foto do libro do alumno na cal se ve a estatua do devandito escritor, situada na praza da Catedral de Mondoñedo.

C. Agora, coméntelles aos estudantes que o poema “No niño novo do vento” foi musicado en diversas ocasións e por distintos artistas, tamén co título “Quen puidera namorala”. Como canción, foi o tema central do filme *Pradolongo*, dirixido por Ignacio Villar en 2007 e rodado en Valdeorras (Ourense). Logo, anímeos a buscaren en Internet algunha das versións. Presentamos tres a continuación, pero dígalles que poderán atopar outras distintas, ademais de acordes para varios instrumentos musicais, para o caso de que se animen a tocala e a cantala na clase.

Luis Emilio Batallán: http://www.youtube.com/watch?v=LZD2RENvOXI&feature=player_embedded

Milladoiro & Laura Amado:
http://www.youtube.com/watch?v=uHT-0PjGPvY&feature=player_embedded#

Amancio Prada:
<http://www.goear.com/listen/61245ad/No-ni%C3%B1o-novo-do-vento-amancio-prada>